

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de xaneiro de 2021**

Ás 17.30 horas do día 21 de xaneiro de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339715>) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asiste a **deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:** D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 10 DE DECEMBRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 10 de decembro de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 10 de decembro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, pregunta pola situación de MEISA (Manzaneda Estación de Inverno SA). O día 30 vimos na prensa que se lle outorgaba a concesión a unha nova empresa, recentemente constituída en febreiro do ano pasado, cunha actividade bastante limitada. Presentamos unha serie de preguntas o día 4 que nos responderon o día 15 indicándonos o Sr. presidente que lle trasladarían esas cuestión ao Consello de Administración de MEISA, que o 50% está constituído por esta Deputación Provincial. Na comisión informativa de onte, tratouse unha achega de case 500.000 euros por parte desta Deputación para un novo préstamo no capital social, que en realidade é unha subvención encuberta a fondo perdido. Poderíamos estar de acordo neste tipo de achegas, pero isto debe ter un plan de viabilidade xa que non tería sentido. Gustaríalles que se lles contestara sobre como está a situación de MEISA, como foi a adxudicación que se fixo a esta nova concesionaria no mes de decembro, en que condicións, que custo vai ter para a Deputación Provincial de Ourense, e se se cumpriu o prego que estaba preestablecido. Considera que como o 50% do Consello de Administración corresponde a esta Deputación deberían ter acceso a estes datos básicos.

A presidenta da comisión sinala que nesta Administración sempre se dá resposta a todas as preguntas que se fan nesta Corporación, como así indica que lle respondeu o presidente. A Estación de Manzaneda ten un Consello de Administración. Pódelles informar que a partir da fin de semana pasada houbo a preapertura, esta fin de semana continúa, e a idea é que se destacionalice, e que a estación de Manzaneda sexa o que todos desexamos. Comprobou o

que se lle respondeu e se non corresponde co que se preguntou, que se responda a esas cuestións sobre o procedemento de acordo cos pregos. Di que o informará na próxima comisión.

Dona Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, indica que recentemente na prensa recollíase o anuncio dun plan piloto para recollida de voluminosos en Ribadavia. Queren saber en que consiste ese Plan Piloto, e cal é o criterio para facer a presentación nun punto limpo en Ribadavia que aínda non conta con licencia de actividade municipal nin autorización da Xunta.

A presidenta da Comisión responde que aproveitando que un dos compañeiros presentes na sesión é o alcalde de Ribadavia e ten información que nos pode dicir cousas máis concretas ao respecto.

Don César M. Fernández Gil, do Grupo Popular, indica que o proxecto é un reforzo do sistema xa existente de recollida de voluminosos porta a porta, e consiste en que o Concello habilita un punto con atención uns días á semana para que os veciños de Ribadavia que prefiran levar alí os voluminosos poidan depositalos alí e despois a Deputación os recolla nese punto, en lugar de optar por que os vaian recoller á porta da casa. Evidentemente non é un punto limpo, é un punto de acopio. A autorización do punto limpo está en tramitación, é un expediente que tarda entre dez e doce meses e que ten que autorizar a Xunta de Galicia, pero ese punto conta con todos os permisos para a recollida dos voluminosos, o acceso a través da estrada de titularidade provincial, que foi modificado respecto ao proxecto inicial, e é perfectamente posible o seu uso e temos todos os informes que así o avalan. Reitera que é un procedemento complementario ao servizo de recollida porta a porta que presta a día de hoxe a Deputación Provincial. A través do concello cos medios municipais incrementouse e mellorouse o servizo que xa están recibindo os veciños.

A presidenta da comisión sinala que está claro que non é un punto limpo, senón un punto de acopio. Xa se ten falado noutras reunións sobre a cantidade de voluminosos que hai. Cre que é unha medida moi interesante para facilitar que os voluminosos se poidan ir levando. É complementario do de porta a porta.

Dona **Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista**, indica que o Sr. presidente anunciaba nunha entrevista recente, que no ano 2021 se declararía a Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade. É unha noticia que todos agardamos. Pregunta en que punto está o expediente e se as manifestacións do presidente obedecen a un desexo o a algunha información da que eles non teñen constancia.

A **presidenta da comisión** responde que hai un procedemento para que se declare como patrimonio da humanidade a Ribeira Sacra. É un desexo do presidente provincial e, detrás dese desexo, hai moito traballo e un procedemento no que se está traballando. Di que irán informando. Reitera que hai un traballo e un esforzo conxunto moi importante por parte de todas as administracións, e espera que neste 2021 todos podamos celebrar que a Ribeira Sacra sexa patrimonio da humanidade.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, indica que o presidente falou de instalar un centro termal no propio espazo que ocupa hoxe o Pazo da Deputación. Pregunta se houbo algún avance, se se descartou definitivamente o en que parte do proceso está.

A **presidenta da comisión** responde que a día de hoxe non ten información sobre o asunto. No momento en que teña coñecemento dalgún avance o de que haxa novos datos que comunicar, os trasladará.

E, ás 17.39 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.